

ACORDO DE TRASPASO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

2º ACORDO DE TRASPASO: ADSCRICIÓN DE POSTOS CON NIVEL ORGÁNICO INFERIOR A SERVIZO E TRASPASO DE CRÉDITOS ASIGNADOS AOS SERVIZOS TRASPASADOS

ANTECEDENTES

1. No DOG núm. 73 do 14 de abril de 2024 publícase o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia

2. No DOG núm. 81 do 24 de abril de 2024, publícase o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e polo que se establece a estrutura de cada unha delas a nivel de órganos superiores e de dirección.

3. Na disposición adicional oitava do antedito Decreto 49/2024, sinálanse as competencias e funcións da Consellería de Economía e Industria na materia de promoción industrial, indicando que a adscripción da Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional entenderase sen prexuízo das competencias e funcións que poida asumir a Consellería de Economía e Industria, de acordo co que se estableza no seu decreto de estrutura orgánica, na materia de promoción industrial, desenvolvemento tecnolóxico e innovación dos sectores produtivos, xestión de infraestruturas tecnolóxicas, apoio do crecemento de novas empresas de base tecnolóxica e asesoramento e información na materia de propiedade industrial.

Para os efectos do establecido no número anterior, poderán adscribirse á Consellería de Economía e Industria os centros e infraestruturas tecnolóxicas e produtivas dependentes da Administración autonómica que se determine. En particular, a Consellería asumirá a xestión do CIS Galicia-Centro de Innovación e Servizos para a Tecnoloxía e o Deseño.





Así mesmo, a Consellería de Economía e Industria asumirá os labores de promoción do parque industrial de Rozas (Lugo) e a xestión de todos os programas derivados da Civil UAVs Initiative.

4. No DOG núm. 101 do 27 de maio de 2024 publícase o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria e por Acordo do 29 de maio de 2024 se traspasan á Consellería de Economía e Industria, os seguintes postos de estrutura:

- Director/a da Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas.
- Xefatura do Departamento de Xestión da Innovación.
- Xefatura do Departamento de Programación de Centros

5. Así mesmo, a Disposición Adicional Sétima do citado Decreto 140/2024, do 20 de maio regula as condicións de adscrición do persoal laboral da Axencia Galega de Innovación á Consellería de Economía e Industria ou ao Igape.

6. Por Acordo do Consello de Dirección do Igape, do 28 de maio de 2024, publicado no DOG núm. 106, do 3 de xuño, créase a Dirección de Área de Innovación Empresarial, coa misión de promoción, avance e incremento do sistema de innovación galego no tecido produtivo e na empresa, e de coordinar e colaborar na mellora da innovación do sistema económico galego a través da transferencia ao tecido produtivo dos resultados da investigación e desenvolvemento co obxectivo de incrementar a capacidade competitiva da empresa galega.

7. Por outra banda, de conformidade co artigo 17 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica:

"O persoal do IGAPE poderá ser:

Contratado en réxime de dereito laboral, respectando os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

Funcionario ao servizo da Administración da Xunta de Galicia, adscrito a esta Entidade.

Baixo a dirección e supervisión do Director e do Presidente se definirá a súa estrutura e se dotará do persoal suficiente."





8. Procede agora en cumprimento de todo o anterior, o traspaso e adscripción dos postos de nivel orgánico inferior a servizo. A decisión sobre os concretos postos traspasados vincúlase con carácter xeral ao desempeño de funcións relacionadas co desenvolvemento tecnolóxico e innovación, promoción de empresas emerxentes e de base tecnolóxica, e propiedade industrial, as cales pasan a ser asumidas pola Consellería de Economía e Industria e polo Igape.

ACORDOS

1. Traspasar á Consellería de Economía e Industria os postos que figuran no cadro con nivel orgánico inferior a servizo.

O traspaso do persoal funcionario e laboral afectado realízase segundo o previsto no Decreto 49/2024, e consonte o regulado no Decreto 140/2024 e o disposto na súa Disposición Adicional Sétima respecto do persoal laboral.

Área de Xestión

Código	Denominación	Grupo/S ubgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.000.15770.017	Posto Base Subgrupo C2	C2	12	
EI.A11.00.001.15770.046	Xefatura Negociado de Habilitación	A2-C1-C2	18	

Área de Programas

Código	Denominación	Grupo/S ubgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.000.15770.020	Posto Base Subgrupo C2	C2	12	
IN_EXT55	Titulado/a Superior	I	004	<i>Posto afectado estabilización Ocupado por: F_ ***6015**</i>
EI.A11. . .15770.504 (*)	Titulado/A Superior Xestor Proxec. Europeo MAE	I	004	<i>Ocupado por: P_ ***3311**</i>

(*)A efectividade do traspaso do posto de Xestor do Proxecto Europeo MAE queda supeditado á sinatura de acordo entre a Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Economía e Industria sobre o traspaso das iniciativas europeas.

Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas

Código	Denominación	Grupo/S ubgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.000.15770.500	Responsable de Programa I+D	A1	26	
EI.A11.00.000.15770.501	Responsable Despregue Xestión Result.	A1	26	
EI.A11.00.000.15770.502	Responsable Seguimento I+D	A1	26	





Código	Denominación	Grupo/S ubgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.000.15770.503	Técnico Xestión Seguimento	A1	20	
EI.A11.00.000.15770.504	Técnico Xestión Seguimento	A1	20	
EI.A11.00.000.15770.505	Auxiliar Administrativo	C2	12	

Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño

Código	Denominación	Grupo/S ubgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.004.15350.101	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.102	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.103	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.104	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.105	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.106	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.107	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.004.15350.110	Posto Base Subgrupo A2	A2	16	
EI.A11.00.004.15350.111	Posto Base Subgrupo A2	A2	16	
EI.A11.00.004.15350.120	Posto Base Subgrupo C2	C2	12	
EI.A11.00.004.15350.121	Posto Base Subgrupo C2	C2	12	
EI.A11.00.004.15350.122	Posto Base Subgrupo C2	C2	12	

Servizo Galego da Propiedade Industrial - SEGAPI

Código	Denominación	Grupo/S ubgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.002.15770.026	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26	
EI.A11.00.002.15770.028	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26	
EI.A11.00.000.15770.019	Posto Base Subgrupo C2	C2	12	
IN_EXT68	Titulado/a Superior	I	004	Posto afectado estabilización Ocupado por: T_ ***0687**

2. Traspasar ao Instituto Galego de Promoción Económica os postos que que figuran no cadro con nivel orgánico inferior a servizo.

O traspaso de persoal funcionario e laboral afectado efectúase segundo o previsto no Decreto 49/2024, tendo en conta a Disposición Adicional Sétima do Decreto 140/2024, considerando as competencias asumidas pola Dirección de Área de Innovación Empresarial creada polo Acordo do Consello de Dirección do Igape do 28





de maio de 2024, e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Área de Servizos

Código	Denominación	Grupo/ Subgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.003.15770.031	Xefatura Sección Servizos II	A1-A2-C1	25	
EI.A11.00.003.15770.103	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
IN_EXT69	Titulado/a Superior	I	004	<i>Posto afectado estabilización Ocupado por: V_ ***9336**</i>
IN_EXT43	Titulado/a Superior	I	004	<i>Posto afectado estabilización Ocupado por: D_ ***0744**</i>
EI.A11.00.003.15770.025	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26	
IN_EXT33	Titulado/a Medio	II	007	<i>Posto afectado estabilización Ocupado por: F_ ***3121**</i>

Departamento de Xestión de Axudas

Código	Denominación	Grupo/ Subgr.	Nivel/ Cat.	Observacións
EI.A11.00.001.15770.022	Xefatura Sección de Axudas II	A1-A2-C1	25	
EI.A11.00.000.15770.005	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.001.15770.010	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	
EI.A11.00.001.15770.101	Posto Base Subgrupo A1	A1	20	

3. Os efectos administrativos do cese na Axencia Galega de Innovación do persoal traspasado produciranse no día 31 de decembro de 2024 e as tomas de posesión na Consellería de Economía e Industria ou no Instituto Galego de Promoción Económica, segundo corresponda, terán efectos do día 1 de xaneiro de 2025.

4. Os efectos económicos produciranse o día 1 do mes seguinte a que os créditos correspondentes figuren no centro de destino, de forma que ata entón a Gain farase cargo da nómina e das cotizacións sociais do persoal traspasado, excepto para o persoal afectado por créditos que estean xa no Orzamento 2025 da Consellería de Economía e Industria para os que os efectos económicos serán do 1 de xaneiro de 2025.

5. Respecto dos postos que sexan traspasados e estean afectados polo proceso de estabilización convocado pola Axencia Galega de Innovación, a dita axencia continuará a tramitación do proceso ata a súa conclusión. Neste sentido queda expresamente habilitada para a adxudicación dos postos sobrevidamente





traspasados aos novos centros. Este acordo seralles de aplicación ás persoas que obteñan destino definitivo nalgún dos postos traspasados que se relacionan nos puntos 1 e 2.

6. As partes comprométense a respectar o establecido no Acordo entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e as organizacións sindicais CSIF, CCOO e UXT para a integración do persoal do GAIN nas estruturas da administración da Xunta de Galicia, en virtude do cal, rematado o proceso de estabilización procederase á apertura dun proceso único de Integración no V convenio colectivo único do Persoal laboral da Xunta de Galicia das prazas obxecto de estabilización, tanto das que permanezan en Gain como das afectadas por este acordo de traspaso. Finalizada a integración procederase á apertura inmediata do proceso de funcionarización voluntaria.

7. O persoal traspasado manterá as mesmas condicións de teletraballo, flexibilidade horaria, adaptación de xornada e/ou comisións de servizo que lle fosen de aplicación na Axencia Galega de Innovación.

8. Do presente acordo darase traslado a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, para os efectos oportunos.

Tamén se comunicará dos efectos do presente acordo ao persoal afectado e aos representantes legais dos traballadores de acordo co establecido no artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

9. Incorpórase o Anexo I de créditos do capítulo I dos postos traspasados, onde figura o importe consolidado na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

En proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente acordo, en Santiago de Compostela na data sinalada ao marxe

O secretario xeral técnico da
Consellería de Economía e Industria

José Ramón Pardo Cabarcos

O secretario xeral técnico da
Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Manuel Vila López



ANEXO I: CAPÍTULO I - FONDO PROPIO

Aplicación	Proxecto	Descrición	Importe consolidado 2024
09.A2.561A.120.00	2016-18	SOLDOS SUBGRUPO A1	266.769,87
09.A2.561A.120.01	2016-18	SOLDOS SUBGRUPO A2	33.206,98
09.A2.561A.120.02	2016-18	SOLDOS SUBGRUPO C1	13.061,98
09.A2.561A.120.03	2016-18	SOLDOS SUBGRUPO C2	65.243,18
09.A2.561A.120.05	2016-18	TRIENIOS FUNCIONARIOS	61.425,17
09.A2.561A.121.00	2016-18	COMPLEMENTO DE DESTINO	135.378,72
09.A2.561A.121.01	2016-18	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	139.461,72
09.A2.561A.121.08	2016-18	IPC GALEGO	2.936,38
09.A2.561A.121.43	2016-18	CARREIRA PROF. FUNCIONARIOS	50.337,60
09.A2.561A.130.00	2016-18	SOLDO PERSOAL LABORAL	151.492,96
09.A2.561A.130.01	2016-18	PLUS DE FUNCIÓNS	16.843,54
09.A2.561A.130.05	2016-18	TRIENIOS PERSOAL LABORAL	10.938,46
09.A2.561A.130.08	2016-18	IPC GALEGO	678,38
09.A2.561A.130.43	2016-18	CARREIRA PROF. LABORAIS	13.034,76
09.A2.561A.133.00	2016-18	SOLDO LAB. INDEF. NON FIXO	61.929,16
09.A2.561A.133.01	2016-18	PLUS D FUNCIÓNS IND.NON.FIXO	36.253,32
09.A2.561A.133.05	2016-18	TRIENIOS IND.NON.FIXO	4.375,38
09.A2.561A.133.08	2016-18	IPC GALEGO	388,08
09.A2.561A.133.43	2016-18	CARREIRA PROF. IND.NON.FIXO	5.546,88
09.A2.561A.160.00	2016-18	SEGURIDADE SOCIAL	268.650,85
09.A2.561A.160.33	2016-18	SEGURIDADE SOCIAL. IND. NON.FIXO	28.511,92
09.A2.561A.180	2019-08	FONDO RETRIBUTIVO	40.993,96
TOTAIS			1.407.459,25

*En concordancia co establecido no punto 4 deste Acordo, estas cantidades minoraranse na anualidade 2025 en función das mensualidades satisfeitas pola Axencia Galega de Innovación.

